

## Normas en caso de evacuación

### Actuación en situacións de Emerxencia

En termos xerais, é natural que ante unha situación de risco ou emerxencia, poidas ter unha sensación de medo ou inseguridade. Por iso, primeiro de nada, detente uns instantes para recuperar a calma necesaria que che permita adoptar as decisións máis aconsellables.

A serenidade e a reflexión son os mellores aliados para afrontar unha situación que entrañe algún tipo de ameaza ou perigo. Ademais, a tranquilidade do teu comportamento favorecerá a seguridade das persoas que estean ao teu redor.

Comunica calquera tipo de Emerxencia que se produza e tu observes directamente, ao persoal da escola.

Axuda e sé solidario con quen por calquera causa teña diminuídas as súas facultades físicas.

Evita a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debes permanecer en zonas de conflito ou evacuación.

Utiliza as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada. Non circules en sentido contrario nin obstruas o paso.



## SE SOA A ALARMA

Manten a orde.

Atende e acata as indicacións do Equipo de Evacuación.

Non te atrases a recoller obxectos persoais.

Pecha todas as xanelas.

Sai ordenadamente e sen correr.

Non fales durante a evacuación.

Realiza a evacuación a nivel de chan en caso de presenza de fumes.

**DIRIXETE AO LUGAR DE REUNIÓN FIXADO (PIÑEIRAL DA ENTRADA PRINCIPAL) E PERMANECE NEL ATA RECIBIR INSTRUCCIÓN.**



### **En caso de incendio:**

Non te deteñas, mantén a calma e segue a sinalización de Emerxencia.

Se hai fumes, permanece o máis agachado posible. O aire fresco está no chan. Cúbrete a cara cun pano húmido.

Se quedas bloqueado nunha estancia, deixa as portas pechadas, abre as xanelas e axita os brazos pedindo axuda.

En calquera caso, sigue sempre as instrucións que che indiquen os equipos de evacuación.